



RURAL DE GALICIA, 4ª ETAPA

Club de Montaña O Carroucho

2 de Decembro de 2017

Para esta ruta, alonxámonos da etapa do rural de Galicia que nos tocaba. Soamente tocamos pequenos fragmentos na saída da ponte de San Xusto e no parque de petroglifos. Deste xeito eliminamos tramos de asfalto e a ruta gaña en interese.

Iniciamos o camiño na Ermida de San Xusto. Atópase nun alto rodeada pola carballeira do mesmo nome. No lugar celébrase unha romaría con orixe no século XVI para honrar aos santos Pastor e Xusto. A carballeira antigamente era moito máis extensa, pero conserva aínda árbores antigas. No fondo do val, preto da carballeira,



localízanse as ruínas do balneario dos Baños de San Xusto e existen surxencias termais. Nalguna fonte da carballeira emanan augas minerais.

Comezamos a baixar cara ao río Lérez.

Perccorreremos 1,5 km. preto da beira, e tras cruzar a ponte romana de San Xusto, imos subindo e alonxándonos do río para coller unha pista entre leiras. Por esta pista achegámonos a Fentáns e, sen chegar a pasar pola vila, desvíámonos á esquerda da estrada que entra na vila, por camiños entre leiras que nos achegarán de novo ao Lérez.

O percorrido polo Lérez remata cruzando a estrada á altura da ponte sobre o río. Nada máis cruzar entramos na área recreativa, praia fluvial e carballeira de Lodeiro. Nesta área ben sombreada e moi coidada, xúntase o río Maneses co río Lérez.

Collemos desde este punto o roteiro dos muíños, que remonta o río Maneses cruzando un impresionante bos-

Datos Básicos

Comezo: San Xurxo de Sacos

Remate: Campo Lameiro

Distancia lineal: 10 km.

Duración aprox.: 3 horas

Dificultade: Baixa

Altura máxima: 250 m

Altura mínima: 78 m

Acumul.: ↗432 m / ↘392 m

arqueolóxico de Campo Lameiro e o Centro de Interpretación. Este recinto arqueolóxico pretende prote-



xer unha zona de alta concentración de petroglifos da Idade do Bronce, así como difundir a importancia da arte rupestre galega. Galicia é unha das zonas de Europa con maior relevancia na arte rupestre. Os petroglifos datan de 2000-2500 a.C. Por tanto, a súa antigüidade é de 4000-4500 anos, sendo bastante anteriores á cultura castrexa.

Contamos con chegar a este punto sobre as 14:00h, e está previsto facer unha pequena visita guiada polo parque (non incluída no prezo) e logo collemos o bus para ir xantar. As persoas que non desexen facer a visita guiada, poden dar unha volta polo parque ou agardar no bus. O centro conta con cafetería.



Próxima cita:

**14 Decembro
Asemblea de socios**



www.carroucho.org

